



ILLAS CÍES

As Illas Cíes forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Están situadas na entrada da Ría de Vigo e aínda que non o pareza son tres: San Martiño ou Sur, Faro e Monte Agudo ou Norte. Estas últimas están comunicadas entre si pola praia de Rodas e por unha ponte. Estiveron poboadas desde hai moito tempo e incluso chegaron até aquí os piratas. Ademais de fermosas praias de area branca as Illas Cíes destacan pola súa flora e fauna que están protexidas.


VIGO

UN MAR DE VIDA

Plan de competitividade turística de Vigo, turismo urbano e de ría

VIGO

UN MAR DE VIDA



AREAL

O barrio do Areal era antigamente unha praia, por iso recibe ese nome. É un dos barrios por onde a cidade de Vigo comezou a medrar. Até aquí chegaron os industriais cataláns para pescar a sardiña e instalaram nesta zona as fábricas para salgar o peixe, e enriba delas as súas casas.



BERBÉS



As casas que estás a mirar eran casas de mariñeiros. Cando saían pola porta xa pisaban a praia, onde se facía a poxa do peixe que capturaban. Como podes observar estas casas teñen dous andares que se comunicaban por escaleiras no interior. Baixo os soportais aparecen dúas portas; unha levaba á vivenda no primeiro andar e a outra levaba ao almacén na planta baixa, onde se gardaban distintos aparellos de pesca. A vivenda distribuíase así: os dormitorios daban á fachada, mentres que a cociña e o comedor se situaban ao fondo.

O porto de Vigo está distribuído en zonas e en cada unha delas lévanse a cabo distintas tarefas. Ao porto pesqueiro chegan os barcos de altura, que van pescar máis lonxe, e os de baixura, que pescan na Ría ou cerca dela. Do porto comercial saen e chegan cada día barcos con mercadorías, facendo deste porto un dos máis importantes do mundo.

PORTO PESQUEIRO E PORTO COMERCIAL

